



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00266

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE DESEÑO, MODELADO/DEBUXO, MONTAXE AUDIO-VISUAL E PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DUNHA APLICACIÓN DE REALIDADE VIRTUAL PARA A EXPOSICIÓN "REGNUM TOTIUS GALLAECIAE. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA", expediente PCO.001.2024.00266**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

**RESOLVO:**

1. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo Servizo de Patrimonio e Contratación con data 18 de xuño de 2024 e o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes con data 17 de xuño de 2024, para a contratación dos SERVIZOS DE DESEÑO, MODELADO/DEBUXO, MONTAXE AUDIO-VISUAL E PROGRAMA PARA A REALIZACIÓN DUNHA APLICACIÓN DE REALIDADE VIRTUAL PARA A EXPOSICIÓN "REGNUM TOTIUS GALLAECIAE. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA", expediente PCO.001.2024.00266, nas seguintes condicións:

1.1 información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios.

1.2. Presuposto IVE incluído:

Concepto	Orzamento
Orzamento sen IVE	35.717,42
Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%	7.500,66
<b>Orzamento total IVE incluído</b>	<b>43.218,08</b>

1.3. Valor estimado: 35.717,42 euros

1.4. Prazo de execución: O prazo de execución iníciarase unha vez formalizado o contrato en documento administrativo e será de 35 días para a entrega da aplicación.

En todo caso, a aplicación deberá estar dispoñible na data de inauguración da primeira exposición.

O mantemento do equipamento finalizará ao termo das exposicións.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á Aplicación 0612/3341/22609, documento A número de operación 220240000695

2. Dispoñer que o referido contrato se adxudique mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación urxente, a fin de posibilitar a disposición da aplicación na data de inauguración da primeira exposición.